

Unha introducción en dous fragmentos

José Leira López
Universidade da Coruña

FRAGMENTO I

Presentamos neste libro algunhas das ponencias que tiveron lugar durante o Curso denominado “Aulas no Camiño”, e que se levou a cabo entre os días catro e doce de agosto de 1995. Dito Curso tivo un carácter itinerante, desenrolándose cada día nun lugar diferente: O Cebreiro, Triacastela, Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa e Santiago de Compostela. Foi organizado pola Facultade de Humanidades -Campus de Ferrol- da Universidade da Coruña, e contou coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol, Caixa Galicia e o Ateneo Ferrolán. Debemos tamén, nun principio, dicir que “Aulas no Camiño” é un proxecto declarado, pola Xunta de Galicia, de interese para a promoción do Camiño de Santiago.

Dada a peculiaridade deste proxecto, vémonos na obriga de presentar nesta introducción a súa xénese, o seu desenvolvemento e os obxectivos que se perseguían. Fagamos, pois, unha análise da súa evolución.

Corrían os meses de verán do ano 1992, cando poidemos observar que tódolos habitantes deste país estabamos a falar dunha serie de eventos

fastuosos que, naquelas datas, se estaban a celebrar. E, deste xeito, na boca de todos estaban: O Quinto Centenario do Descubremento de América, a Exposición Universal de Sevilla, as Olimpíadas de Barcelona e a Capitalidade Europea de Madrid. Unha segunda ollada analítica mostrábanos que todos estes acontecementos tiñan un algo en común, que viña dado polo establecemento dunha relación entre España e o resto do mundo. Foi entón cando no horizonte apareceu o Camiño de Santiago, como aquilo que relacionaba secularmente a Galicia co resto do mundo. Ó través do Camiño enláza-se o corazón de Europa co *Finis terrae*, mediante o polo de atracción relixiosa e cultural que supón Santiago de Compostela. E isto despertou o noso interese por tratar de coñecer este fenómeno. Foi entón cando, adentrándonos no Códice Calixtino, poidemos observar como Aymeric Picaud nos narraba -dun xeito, en ocasións coloquial, enchido de estereotipos e tópicos- como estaba composta a sociedade europea e española que percorrían os camiñantes. Fálanos das paisaxes, dos cultivos, das costumes, das falas, de como eran aquelas xentes, dos seus modos e modelos de vida e da súa mentalidade. Desde modo, podemos ler cunhas terras eran ricas en mel e outras en cereais, que os navarros eran bebedores e os galegos litigantes.

Xurdiu, entón, nos nosos maxíns unha serie de interrogantes: ¿Como é a sociedade e a xente que habita os lugares que recorre o Camiño a finais do século XX? ¿Cales son as motivacións das persoas que inician o Camiño de Santiago na década dos 90, nunha sociedade industrializada e moito máis laica, en contraposición á sociedade tradicional, rural e confesional da Idade Media? ¿Non temos o deber de estudar o Camiño de hoxe en día, a súa economía, a súa organización social, a súa mentalidade... e plasmalo por escrito para que todo elo sirva ós peregrinos de hoxe e ós estudiosos de mañá? E, finalmente, sabendo que o Camiño é pasado e presente, ¿como estruturar o estudo do pasado, mixturalo co presente, e proxectalo para conformar o futuro?

Tratando de respostar a estas interrogantes, naceu o proxecto “Aulas no Camiño”. Tratábase de organizar un Curso de verán no que se recorrese o Camiño de Santiago na súa andadura galega, levando a cabo unha serie de ponencias sobre a realidade que se atopa ó longo do Camiño. Para elo, un grupo de profesores e quince alumnos da Facultade de Humanidades realizamos durante o verán do 95 un traballo de investigación so-

bre diversos aspectos da realidade galega que atravesa o chamado Camiño Francés. Dende un principio, coidamos que deberíamos tratar de lograr unha combinación entre o estudio do pasado -que nos achegaría ás claves históricas- e unha análise do presente, que conseguira situarnos ante o mundo palpitante de hoxe en día. E isto foi algo que quixemos afrontar dende unha perspectiva multidisciplinar que integra as seguintes áreas de coñecemento: Antropoloxía, Historia, Historia da Arte, Lingua Galega, Socioloxía e Xeografía.

“Aulas no Camiño” foi concebido como un Curso-Proxecto Cultural que se desenrolaría dunha forma itinerante (camiñando polas mañáns - en etapas de, aproximadamente, vintecinco quilómetros- e investigando polas tardes). Neste aspecto, debemos agradecer a colaboración de tódolos Concellos que xalonan o Camiño, que nos cederon as súas Casas de Cultura para poder expoñer as nosas ponencias, así como resaltar o trato exquisito de tódolos alcaldes que, sen excepción, nos recibiron nos Salóns de Plenos das diferentes Casas do Concello. Así mesmo, a nosa consideración ós distintos cronistas oficiais e a moi diversas persoas, que nos fixeron interesantes aportacións sobre as bisbarras atravesadas.

É o noso desexo deixar nestas liñas un agradecemento a tódalas entidades públicas e privadas que fixeron posible que este proxecto se levase a cabo; dun xeito especial á Xunta de Galicia, Concello de Ferrol, Caixa Galicia e Ateneo Ferrolán. Debemos, tamén, destacar o respaldo das autoridades académicas da Universidade da Coruña, e dun xeito especial o noso recoñecemento a D. José Ramón Soraluze Blond (Vicerrector de Extensión Universitaria), a D. Ignacio Díaz Blanco (Vicerrector do Campus de Ferrol) e a D. José Antonio Fernández de Rota (Decano da Facultade de Humanidades); o seu apoio e ánimo constante lograron que o camiño deste estudio -que hoxe presentamos- fose máis doado de transitar. E gracias a tódolos compañeiros -profesores deste Curso-: Víctor Alonso Troncoso, Pedro Armas Diéguez, José Antonio Fernández de Rota, Manuel Recuero Astray e Ramón Yzquierdo Perrín. Quixéramos, tamén, neste apartado lembrar que non hai Curso sen alumnos, e nesta ocasión tratábase dun traballo que requería dun grupo de persoas con forte dedicación, e debemos dicir -en xustiza- que a súa labor e o seu compañerismo -nos intrinsecos duros do camiño, cos pés resentidos- foron dignos de todo tipo de eloxio, e

sobre todo a aqueles que presentaron ponencias e comunicacións sobre interesantes aspectos, recollidos neste estudio. Agradecerlle, tamén, a Siro López Lorenzo os fermosos debuxos que ilustran tanto o exterior como o interior deste libro. Concluirei os meus agradecementos cunha referencia especial a Rosa Méndez Fonte, que coordinou toda a complexa organización que supón montar a infraestrutura dun Curso que se realiza cada día nun concello diferente, o bo fin da experiencia non é alleo á súa dedicación.

Non poido rematar o primeiro fragmento desta introducción sen dicir que “Aulas no Camiño” tiña, dende o momento da súa concepción, a intención de abrirse a toda a comunidade universitaria, en particular, e a toda a poboación de Ferrol, en xeral; e así se fixo, recolléndose a experiencia nunha Exposición Fotográfica (agradecer a Rodrigo Ramos o seu bo facer detrás dunha cámara) -celebrada entre os días quince e trinta de xaneiro de 1996- no Centro Cultural da cidade (Antiguo Hospital de Caridade)- e nun Ciclo de Conferencias que tivo lugar no Ateneo Ferrolán, entre o cinco e vintenove de marzo do mesmo ano.

Por último, queremos dicir que “Aulas no Camiño” ten vocación de futuro, e pretende ser un proxecto a realizar en varios anos. Esta publicación significa un estudio da realidade galega atravesada polo Camiño Francés. Xa está en marcha o percorrido e análise dun dos camiños derivados das chamadas Rutas Atlánticas de Peregrinación, e trataremos de continuar o ciclo no ano noventa e sete, coa investigación sobre a Galicia que atravesa o Camiño Portugués. Agardamos, e non temos a máis mínima dúbida, gracias ó capital humano que se atopa vencellado a este proxecto, que ó final conqueriremos o noso obxectivo, que consiste -como xa fixemos explícito nesta introducción- en afondar, dun xeito multidisciplinar, no estudio da realidade galega que atravesan os Camiños de Santiago.

FRAGMENTO II

O Camiño de Santiago representa un dos eixos fundamentais da cultura medieval europea. A súa orixe está na lenda do achádego dun sartego, o 25 de xullo do ano 813, polo bispo de Iria, Teodomiro. Atribúese dito sartego a Santiago o Maior, discípulo de Xesús.

Debemos deixar a un lado o feito do fundamento histórico sobre a lenda da expansión do cristianismo pola península a traveso do Apóstolo Santiago, así como a traída dos seus restos desde Palestina a Galicia. O sartego é -ó parecer- do século IV e está nun lugar onde xa existía un cimiterio pagano máis antigo. O caso é que se foi facendo firme a lenda, e os diversos reis e bispos foron donando terras e axudando á construción dunha catedral no lugar onde se atopou o sartego.

Pouco a pouco, foi xurdindo unha cidade que tomaría unha importancia progresiva ata chegar, en determinados momentos, a desbancar ós outros dous lugares sagrados do cristianismo: Xerusalén e Roma (a primeira ocupada polos musulmáns e a segunda inmersa en guerras civís entre os Papas, durante toda a Idade Media).

O fenómeno das peregrinacións ten lugar a partires do século X, pero a súa auxe está nos séculos XII e XIII, cando se fai a catedral románica, co arcebispo Xelmírez como impulsor.

Os camiños para chegar a Santiago son moitos: o que bordeaba a costa cantábrica; o que viña polo sur, pola Vía da Prata; polo mar, ó traveso de diversas rutas atlánticas, e, o máis importante, o chamado Camiño Francés, que recollía a xentes de toda Europa, xuntábanse en Francia e atravesaban os Pirineos, facendo unha ruta practicamente unitaria ata chegar a Compostela.

Un dos primeiros libros que saíron do prelo de Guttemberg foi O Camiño de Santiago, escrito en alemán por Hermann Küening en 1495. Pero moito tempo antes xa se escribiran libros sobre o Camiño, por parte de pelegríns; o máis importante foi o Códice Calixtino, escrito en latín, arredor do ano 1139, polo monxe francés Aymeric Picaud -existe unha versión galega do século XV, na Biblioteca Nacional de Madrid- que acompañou ó futuro Papa Calixto II, de onde lle ven nome de "Calixtino", na súa pelegrinaxe a Compostela. Este Códice é a primeira guía do Camiño, e vai describindo tódolos lugares polo que transcorre, as etapas, as xentes, os costumes... etc. Asimesmo, da consellos a futuros pelegríns, para evitar a picaresca á que estaban expostos por parte dos vividores, ladróns, bandas de malfeitores, etc. O Camiño era perigoso, e estaba cheo de bandidos e aventureiros sen escrúpulos.

As peregrinacións tiñan dúas modalidades: voluntarias -como acto de devoción, voto ou promesa- e penitenciais -expiatoria de delitos canónico-cívís-.

O Camiño foi unha importancia vía de intercambio cultural entre a península e Europa, durante toda a Idade Media. Os contactos culturais eran máis amplios do que normalmente se pensa.

O itinerario pasa por antigas calzadas romanas, ou por outros camiños máis anterros, noutros casos fanse novos roteiros no medievo. No caso de Galicia, síguense rutas que xa existían na Prehistoria. Veremos mámoas, castros, etc., bordeando o Camiño, e en moitas ocasións éste discurrirá por estradas actuais que substitúen ás vellas, que foron destruídas ó longo da Historia: é o caso do Camiño ó seu paso por Portomarín, agora asulagado dende que en 1963 se fixera o encoro do Belesar; ou ó paso por Lavacolla, xa que o aeroporto está situado en plena ruta xacobeá, e hai que dar un rodeo por estradas actuais.

Viaxeiros famosos do Camiño foron Guillermo X, duque de Aquitania, que chega a Compostela en 1137, onde morre ós trinta e oito anos; o rei Alfonso IX, que chega en 1211 e, hoxe, está enterrado na Catedral; Francisco de Asís ven a Compostela entre 1213 e 1215; a princesa sueca Ingrid, en 1270; o gran pintor Jan Van Eyck, en 1430; os Reis Católicos, Felipe o Fermoso, Carlos V, Felipe II e un longo etcétera.

Todo o Camiño está poboado de pequenas igrexas románicas -século XII-, vilas, hospitais, abeiros... que nos evocan a época medieval. Ó longo do itinerario podemos descubrir topónimos relacionados con esta milenaria vía de peregrinación: Hospital, Camiño, Calzada, Empalme, Brea, Rúa, Portela, Portos... etc.

Costumes e lendas abundan conforme nos achegamos á cidade do Apóstolo. Xa preto de Compostela chégase a Lavacolla, derradeiro fito do Camiño de Santiago, onde no río do mesmo nome os pelegríns facían o seu lavado final, “non só dos pés, senón do corpo enteiro”, para entrar frescos na cidade, como se explica no Codex Calixtinus.

Un pouco máis adiante, cara Compostela, atopamos o chamado Monte do Gozo, nome que alude á alegría dos pelegríns ó chegar a este lugar, xa que dende o seu cumio divisábase a cidade do Apóstolo, por primeira vez. O ascenso ó Monte facíase á carreira, pois o primeiro en divisar as torres da Catedral era proclamado “rei da peregrinación”.

Os viaxeiros, as lendas, a Historia, a economía, os poboadores das beiras das distintas rutas, a arquitectura... todo se amalgama neste Camiño, e fannos sentir herdeiros e seguidores das pegadas dos que nos antecederon nos séculos.